



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175 // Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82 // C.L.F.: P-1502100 I

DECRETO DA ALCALDÍA 189/2016

Asunto: Convocatoria
ÓRGANO COLEXIADO: Pleno
Nº SESIÓN: 5/2016
CARÁCTER: Extraordinaria e urxente (venres 1 de xullo de 2016 ás 9:00 horas)

Sendo necesario tratar o asunto integrado na orde do día aos efectos de posibilitar a ampliación do prazo de información pública do Plan Xeral de Ordenación Municipal (PXOM) antes do vencemento do prazo de dous meses establecido mediante o acordo plenario do 18 de marzo de 2016 (2 de xullo de 2016), de acordo co establecido nos artigos 46.2.b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL en adiante) e 51 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, en uso da atribución que me conferen os artigos 21.1.c) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local e 82.1 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamiento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, convoco **sesión extraordinaria e urxente do PLENO, para o venres 1 de xullo de 2016, ás 09:00 horas** (ou dous días despois á mesma hora en segunda convocatoria, en caso de non existir o quórum esixido na primeira) **no Salón de sesións da Casa do Concello** coa seguinte

ORDE DO DÍA

- 1.- Ratificación da urxencia da convocatoria da sesión.
- 2.- Proposta de ampliación por un mes do prazo de información pública do Plan Xeral de Ordenación Municipal (PXOM) aprobado inicialmente por acordo plenario do 18 de marzo de 2016.

Notifíquese a presente resolución aos/ás Sres/as. Concelleiros/as membros do órgano convocado , advertíndolles que, conforme ao disposto no artigo 12.1 do citado RD 2568/86 do 28 de novembro, deberán comunicar coa antelación necesaria calquera causa xustificada que implique a imposibilidade de asistir á citada sesión.

Póñase a disposición dos/as Sres/as. Concelleiros/as a documentación dos asuntos incluídos na orde do día na Secretaría do Concello a partires da notificación da convocatoria (e, dada a urxencia da convocatoria, remítase unha copia do expediente sometido ao Pleno aos/ás voceiros /as dos grupos municipais que compoñen a Corporación e ao señor concelleiro non adscrito).

Carral, 30 de xuño de 2016

O ALCALDE

José Luis Fernández Mouriño

Visto o decreto,
O SECRETARIO

Diego García Doval

